

O impacto da crise económica
na situación laboral dos inmigrantes.
Comparativa de España e Galicia

*The impact of the economic crisis
on the employment situation of immigrants.
Comparative study of Spain and Galicia*



MARÍA JESÚS ALONSO SEOANE

Profesora colaboradora doutora da Área de Organización de Empresas da Universidade da Coruña

Resumo

A partir dunha comparación dos datos da Seguridade Social relativos ao segundo trimestre de 2005 e 2009, realízase unha análise da situación da poboación inmigrante no mercado de traballo español nos últimos tempos e do modo en que se está a ver afectada pola actual crise económica. Así mesmo, reflexiónase sobre a imaxe social da persoa inmigrante como alguén que vén tirarlle o traballo aos traballadores nacionais. Con este fin, cotéxanse numerosas variables para cada un destes dous anos, tanto por sectores de afiliación como por sexos, con datos do total de España e de Galicia, para desbancarmos a idea de que a inmigración é un potencial perigo para a cidadanía orixinaria deste país receptor de emigración desde hai poucos anos.

Palabras chave: mercado laboral, inmigración, socioloxía.

Abstract

Based on a comparison of data from the Social Security of the 2nd quarter of 2005 and 2009 we analyze the situation of immigrants in the labour market in Spain in recent years and how this is affected by the current economic crisis. We reflect on the image of the immigrant as someone who comes to steal jobs from national workers. To this end, many variables are compared for each of these two years, both by sector, affiliation and gender, taking the total data of Spain and Galicia to undo the idea that immigration is a potential danger to citizens from the host country of emigration from a few years ago.

Keywords: labour market, immigration, sociology.

1. Introducción

En épocas de crise económica adoita percibirse os inmigrantes como un problema ou como persoas que veñen tirarlles o traballo aos nacionais do país. Con base nos datos estatísticos máis recentes (os últimos publicados son de 2009), preténdese contribuír a obxectivar unha percepción que non ten moito sentido en casos como o español, en que a chegada de inmigración está ligada á apertura de continxentes naqueles sectores profesionais en que non poden ser cubertos cos traballadores nativos. Por tanto, a percepción negativa da inmigrante como persoa con que a sociedade se ve forzada a compartir espazos e empregos non pode deberse simplemente a unha cuestión laboral, a teor dos datos estatísticos publicados.

Para efectuarmos esta análise escolleuse o segundo trimestre dos anos 2005 e 2009. A escolla do segundo trimestre xustifícase por ser este o período do ano menos afectado pola temporalidade e que adoita coincidir coa media anual moito máis do que o fan os trimestres afectados pola estacionalidade e a súa repercusión no emprego. Canto aos anos, o 2009 elixiuse por ser o último ano de que podemos obter datos, e o 2005 porque a distancia entre ambas as datas permite establecermos unha pequena comparación lonxitudinal.

Tamén se establecen comparativas entre a evolución dos datos para os casos de España e de Galicia, comunidade en que o fenómeno migratorio é relativamente novo a respecto doutros espazos territoriais. Igualmente, analízanse as diferenzas entre traballadores comunitarios e non-comunitarios, así como entre homes e mulleres, co obxecto de enxergarmos de que modo afectou ou está a afectar a crise aos traballadores que chegan doutros países. Con todo, antes de procedermos á análise dos datos definiremos os termos que imos manexar ao longo do traballo, tal como estes foron descritos polas fontes estatísticas a que acudimos.

2. Definicións principais

Activas. Persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia, a anterior a aquela en que se efectúa a entrevista, fornecen man de obra para a produción de bens e servizos ou están dispoñibles e en condicións de se incorporaren á devandita produción.

Subdivídense en ocupadas e paradas.

Ocupadas. Persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estiveron traballando durante cando menos unha hora a cambio dunha retribución (salario, xornal, beneficio empresarial...) en diñeiro ou especie. Tamén se consideran ocupadas aquelas persoas que, tendo un traballo, estiveron temporalmente ausentes deste por enfermidade, vacacións etc.

As persoas ocupadas clasifícanse atendendo a situación profesional en non-asalariadas (empregadoras, empresarias sen asalariados e traballadoras independentes, membros de cooperativas, axudas familiares) e asalariadas (públicas ou privadas).

De considerarmos a duración da xornada, divídense en persoas ocupadas a tempo completo e a tempo parcial. A xornada habitual semanal non pode ser inferior a 30 horas no primeiro caso, nin superior a 35 horas no segundo.

As persoas asalariadas clasifícanse, pola súa vez, en indefinidas e temporais. Estas últimas teñen fixada a fin do seu contrato ou relación laboral por medio de condicións obxectivas, tales como a expiración dun certo prazo, a realización dunha tarefa determinada etc.

Unha importante categoría dentro da ocupación é a de subemprego por insuficiencia de horas de traballo, definida na XVI Conferencia Internacional de Estatísticos do Traballo (Xenebra, 1988). Na Enquisa de poboación activa (EPA) considéranse subempregadas por insuficiencia de horas as persoas ocupadas que desexan traballar máis horas, que están dispoñibles para o faceren e cuxas horas efectivas de traballo na semana de referencia son inferiores ás horas semanais que habitualmente traballan as ocupadas a tempo completo na rama de actividade en que teñen o seu emprego principal.

Paradas. Persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballaren e a procuraren activamente emprego. Tamén son paradas as que xa atoparon un traballo e están á espera de se incorporaren a el, sempre de se verificaren as dúas primeiras condicións.

Segundo o Regulamento 1897/2000 da Comisión Europea, considéranse métodos activos de busca de emprego nas catro semanas anteriores á entrevista os seguintes:

- Estar en contacto cunha oficina pública de emprego co fin de atopar un traballo, calquera que for a parte que tomase a iniciativa (a renovación da inscrición por motivos puramente administrativos non constitúe unha formulación activa).


- Estar en contacto cunha oficina privada (oficina de emprego temporal, empresa especializada en contratación...) co obxecto de atopar un traballo.
- Enviar unha candidatura directamente aos empregadores.
- Pescudar a través das relacións persoais, por medio dos sindicatos...
- Anunciarse ou responder anuncios nos xornais.
- Estudar as ofertas de emprego.
- Participar nunha proba, un concurso ou unha entrevista no marco dun procedemento de contratación.
- Procurar terreos, locais ou material.
- Realizar xestións para obter permisos, licenzas ou recursos financeiros.

Inactivas. Persoas de 16 ou máis anos que non están incluídas en ningunha das categorías anteriores.


3. Análise

Resulta difícil realizarmos unha análise rigorosa das taxas de ocupación da poboación inmigrante sen termos datos recollidos con base no mesmo criterio, para discernirmos outras variables que poderían influír, tales como persoas que están a vivir no país sen dereito ao traballo, estudantes estranxeiros, turismo estacional (xente de Europa que pasa os meses de inverno ou primavera no noso país) etc. Posto que a taxa de actividade se descompón en persoas ocupadas, dunha parte, e, da outra, paradas, semella máis fiable collermos estas dúas clasificacións para entendermos a situación actual da composición do mercado laboral entre inmigrantes e a súa relación co conxunto das persoas ocupadas nacionais. Por este motivo, centrarémonos en comentar as taxas de paro e desemprego.


O emprego descende en case tres puntos porcentuais en España durante o segundo trimestre de 2009 en relación co mesmo período de catro anos atrás. Isto contrasta coa situación de Galicia, en que nesta mesma etapa aumenta nun punto porcentual, malia non supor directamente un bo dato, xa que non temos información para sabermos se se produciu subemprego ou traballo precario.




O que parece seguro é que os traballadores españois e os estranxeiros non se viron afectados por igual, pois a caída do emprego foi maior entre os últimos.



Tampouco afectou por igual a todos os estranxeiros, pois os provenientes da UE aumentaron as taxas de emprego en detrimento dos que chegaron de fóra da UE, un dato que salienta para o conxunto de España.




No caso de Galicia tamén aumenta a porcentaxe de estranxeiros europeos, mais non se produce ningunha baixada nas taxas de persoas doutra procedencia. O aumento das taxas de actividade entre os comunitarios é case dous puntos porcentuais menor que o daquelas persoas que non son da UE.




O que parece inferirse é que Galicia está a ser agora un destino de emigración maior do que o era antes a respecto doutras comunidades do resto de España, posiblemente porque o resto de España leva máis tempo aumentando os continxentes de emigración, algo relativamente novo no caso galego.

3.1. Total das taxas de emprego

No tocante ás taxas de masculinidade, podemos dicir que se produce un aumento das mulleres que se empregan no noso país en 2009, tanto no caso de Galicia como no de España, ao tempo que se reduce o número de varóns.




Redúcese así a desigualdade por xénero no emprego, malia a baixada nas taxas de emprego dos homes ser maior que a subida nas mulleres: esta subida feminina vén supor a metade da porcentaxe da baixada masculina. Non obstante, a tendencia a unha maior igualdade semella levar un camiño ben definido en que se reducen as distancias, en especial de observarmos os datos acumulados (claramente visibles no gráfico). Esta tendencia á igualdade queda matizada polos datos de emprego da poboación española e estranxeira.



Ao centrármonos na variable da nacionalidade, obsérvase que a tendencia feminina é desigual. Por xénero, as taxas baixaron nos homes máis que nas mulleres. Isto é válido tanto para as persoas españolas como para as estranxeiras, mais os homes españois víronse menos afectados pola baixada na taxa de emprego do que o fixeron os estranxeiros.

Por outra parte, as mulleres veñen aumentando o seu emprego e reducindo a diferenza a respecto dos varóns, mais esta igualdade non acabou de chegar ás traballadoras de orixe estranxeiro, que baixaron lixeiramente os seus empregos, mentres que a taxa das españolas sobe tamén lixeiramente. Isto semella indicar que os empregos femininos están a reservárselles ás españolas, cuxo aumento nos últimos catro anos minorara. Con todo, non podemos tirar conclusións definitivas disto, ao non dispormos de datos complementarios de interese como o tipo de empregos, a temporalidade ou os sectores en que sobe ou baixa en cada caso. Así, as explicacións poderían pasar por varias opcións, tales como que as españolas aceptan hoxe traballos máis precarios ou en sectores en que non o facían cinco anos atrás. De calquera xeito, o que parece pouco cuestionable é que as empregadas estranxeiras son un dos colectivos que se puideron ver máis afectados pola situación de crise económica.


3.2. Consideracións sobre a orixe de procedencia dos empregados estranxeiros



No conxunto de España, as posibilidades de emprego subiron un pouco para os estranxeiros provenientes da UE, máis nas mulleres do que nos homes. Ora ben, caeu de maneira moi notable para os orixinarios de países non-comunitarios, cuxas taxas son inferiores en máis dun 22%, mentres que a feminina para o mesmo caso se reduce en algo menos do 8%. Parece moi probable que exista unha relación entre este dato e o tipo de réxime de afiliación destes colectivos de empregados.


A impresión que dá, a primeira vista, é que son os colectivos dispostos a aceptaren empregos máis precarios ou peores condicións laborais os que mellor poden sobrevivir aos efectos da crise económica sobre a destrución do emprego.

Ao efectuarmos a mesma comparación en Galicia prodúcense diferenzas a respecto do caso anterior.



A cidadanía comunitaria tiña taxas de emprego máis altas que a non-europea en 2005. Esta tendencia muda en 2009, ano en que non só foron os estranxeiros de terceiros países os que máis aumentaron o seu emprego, senón que ademais superan as taxas do resto dos varóns comunitarios. No caso de Galicia, tamén as mulleres subiron as taxas de emprego, unha subida que foi máis notable entre as alleas á UE (en case un 13% fronte ao escaso 9% de comunitarias). Galicia, a pesar das diferenzas co resto de España, semella confirmar a tendencia a seren as persoas que aceptan o maior nivel de precariedade as que máis conservaron a taxa de emprego.


As taxas de paro indican que no conxunto de España este aumentou nun 8,59% nos últimos catro anos, até chegar ao 17,92% no segundo trimestre de 2009. Esta subida foi máis suave no caso de Galicia, onde aumentou só un 1,82% neste período, até atinxir un 12,93% da poboación activa.



No caso español a subida afectou tanto aos homes como ás mulleres, malia ser menos relevante no grupo feminino, en que medrou algo máis do 6%. Os varóns, en cambio, aumentaron as súas taxas en máis dun 10%. As explicacións disto poden ser diversas: ben que se comezase a facer sentir algún tipo de política laboral tendente a favorecer positivamente as mulleres, algo que non podemos discernir por falta doutros datos, pois sería necesario termos tres variables dispoñibles a un tempo. Por exemplo, idade e tempo de contrato. Deste modo podería ser confirmado un efecto positivo sobre o emprego feminino debido ás maiores facilidades para a conciliación que cinco anos atrás. A conciliación da vida familiar e laboral podería comezar a ver algún tipo de efecto, xa que en épocas de crise puido servir aos empresarios, que poden diminuír custos laborais coas reducións por conciliación e aumentar a produtividade a un tempo (posto que se incrementa co menor emprego de horas). Outra opción explicativa esta-

ría nos salarios máis baixos das mulleres no mercado laboral español para as mesmas categorías profesionais, situación que puido pólalas en posición de vantaxe á hora de conservaren os seus postos.

O caso de Galicia difire da norma xeral para España, xa que as mulleres neste caso diminúen as taxas de paro nun -1,53%.




De atendermos á súa procedencia, o paro afectou tanto aos españois como aos estranxeiros, mais se entre os nativos non chega a duplicarse, entre os foráneos supera amplamente as taxas de catro anos atrás. No caso dos homes españois a taxa duplícase e no dos estranxeiros triplícase no conxunto do territorio. Mais en Galicia amortécese esa diferenza e só aumenta un 4,39%, cando en España o facía un 8,14% e entre os inmigrantes varóns esa subida foi do 2,27% a respecto de 2005.

A situación para as mulleres cambia considerablemente e semella amosar máis indicios de que son os colectivos menos protexidos os que mellor conservan os seus empregos, outro dato que semella ir en concordancia coa precariedade laboral. Por ese motivo debería contrastarse a información cos tipos de contratos, a temporalidade ou o tipo de xornadas.

En 2009 as españolas engrosaron o paro un 5,1% máis que en 2005, cifra que nas galegas baixou un -1,72%. En cambio as estranxeiras no conxunto de España aumentan o seu paro un 10,93% máis que en anos atrás. Este dato en Galicia sáldase positivamente cunha baixada do paro entre as estranxeiras dun -4,65%.


Con todo, o máis rechamante do dato do paro feminino é a diferenciación por orixe de procedencia. Entre as traballadoras europeas o paro aumentou en máis dun 13% no conxunto de España, e un 11,12% para as non-comunitarias. Estes datos contrastan

moito coa situación das traballadoras na comunidade galega, onde o paro baixou en case un 22% nas europeas, mentres que entre as non-comunitarias o fixo en pouco máis do 1%. Sería interesante verificarmos os países de procedencia destas traballadoras e os sectores en que traballan. Probablemente poderíamos confirmar que se trata de traballadoras que aceptan precarizar os seus contratos ou as súas condicións de xeito superior a outros colectivos.




O gráfico amosa claramente que as mulleres estranxeiras teñen unhas taxas moi superiores de paro a respecto dos outros colectivos. Ora ben, tamén pode apreciarse que no caso de Galicia as taxas de paro entre os estranxeiros non soben tanto como no resto do país, e que o mercado semella botar man das mulleres e moito máis das estranxeiras, é dicir, dos grupos máis vulnerables, máis baratos e que adoitan presentar condicións máis desvantaxosas de contratación.

3.3. Taxas de paro das persoas inmigrantes por nacionalidade e procedencia




A composición do mercado de traballo e das taxas de paro amosa diferenzas importantes entre Galicia e España, posiblemente debido a unha menor tradición do mercado galego para se abastecer de inmigración comparado co doutras comunidades autónomas. Aínda así, as diferenzas son moi notables. As subidas do paro foron xeneralizadas en España e afectaron dun xeito máis igualitario aos compoñentes da oferta laboral das persoas inmigrantes. En Galicia, en cambio, as subidas do paro foron moito máis moderadas para os homes non-comunitarios. No caso das mulleres non-comunitarias descende levemente, mentres que a baixada do paro é espectacular entre as traballadoras europeas (posiblemente de países incorporados á UE hai pouco, con salarios moi baixos, cualificación laboral en moitos casos e dispostas a aceptaren condicións desfavorables no noso mercado, malia isto moi superiores ás dos seus países). Intentaremos afondar un pouco máis na seguinte epígrafe engadíndomos unha nova variable.

3.4. Altas de estranxeiros por réximes e xénero (xuño de 2009)




Salienta que no caso galego hai bastantes máis homes do que mulleres afiliados ao réxime xeral da Seguridade Social, porcentaxes estas cuxo desfase no caso feminino se inscribe no réxime do fogar (26,85%) e que con toda probabilidade serán interinas, posto que as traballadoras do fogar por horas adoitan pagar a súa propia Seguridade Social. Este dato tamén podería influír na porcentaxe de autónomas estranxeiras en Galicia (11,06%), algo superior ao do conxunto de España.



Altas de estranxeiros por réximes e xénero (xuño de 2009). España: total homes

No caso dos réximes agrario e do mar son moito máis escasas e desiguais tanto por xénero como do punto de vista territorial. En España empréganse moitos máis traballadores no campo que no mar, mentres en Galicia se reservan máis postos para inmigrantes neste último ámbito. A penas hai mulleres neste sector extractivo, mais no caso do agrario, España emprega o triplo de homes que en Galicia, máis aínda no caso das mulleres, ás cales Galicia só reservou un 2,65% de postos agrícolas, cando en España a porcentaxe foi do 14,68%. En cambio, Galicia acolleu máis mulleres en actividades mariñas do que España, malia as cifras seren tan pequenas que se fan irrelevantes en ambos os casos. Con todo, en Galicia afiliouse máis poboación feminina nos réximes xeral e de autónomos de se comparar coa media estatal.


Cando consideramos as diferenzas segundo a orixe comunitaria ou non-comunitaria, as distincións acentúanse.



Galicia: homes por nacionalidade e tipo de afiliación


Os europeos teñen maiores afiliacións tanto no réxime xeral como no dos autónomos, comparados cos inmigrantes non-comunitarios. Mais ese dato invértese na afiliación ao mar, onde son os traballadores extracomunitarios os que teñen taxas máis altas de afiliación.

De compararmos este gráfico co mesmo para o caso español temos que o resto de España empregou máis extracomunitarios que comunitarios no réxime xeral, mentres se deu a tendencia contraria no dos autónomos, onde se inscribiron un 20,9% de europeos, fronte a un 8,13% de non-europeos. Estes últimos tamén superaron os membros da UE no sector agrario.




España: homes por nacionalidade e tipo de afiliación

Canto ás mulleres por tipos de afiliación, Galicia ofrece o seguinte cadro:




Mulleres por nacionalidade e tipo de afiliación

As mellores oportunidades semella que se lles ofreceron ás persoas provenientes da UE, que tiveron maiores taxas de afiliación nos réximes xeral e de autónomos que as de terceiros países. En cambio, as orixinarias doutros continentes cuadruplicaron amplamente as empregadas de fogar europeas, que chegaron moi escasamente a este destino. Por outra parte, o réxime agrario apenas acolleu inmigración entre as mulleres, e os escasísimos casos foron favorables tamén ás traballadoras de orixe europeo (2,65%). É que no campo galego, tradicionalmente, traballaron máis as mulleres do que os homes, e tanto a gandaría como a agricultura contan con máis autónomas neste sector do que na maioría das comunidades españolas. Isto podería resultar explicativo das baixas taxas de afiliación. As mulleres inmigrantes a outros destinos españois tiveron a seguinte distribución:



España. Mulleres

Repítese o dato de maiores taxas para as comunitarias nos réximes xeral e de autónomos. O agrario ten máis afiliacións en España que en Galicia, con máis posibilidades tamén para as europeas, malia acoller un pequeno número de non-comunitarias (6,52%). Por outra parte, as empregadas de fogar non-europeas volven triplicar as continentais. Aínda que en Galicia se botou man das inmigrantes con maior frecuencia para os traballos domésticos, seguramente o idioma xoga aquí a favor da inmigración intercontinental, e esta supón a única excepción a respecto das europeas, que adoitan ter maiores oportunidades no mercado laboral en xeral.



Galicia. Mulleres

4. Conclusións

A falta de máis datos podemos dicir, con base nos estudados, que existe unha diferenza notable na situación do mercado entre Galicia e España, pois é máis favorable a Galicia, que perde menos empregos tanto para a poboación nacional como para a estranxeira.

Tamén semella que os colectivos con menos cualificación e con máis precariedade sobreviven mellor en épocas de crise. Tal sería o caso dos inmigrantes e das mulleres.

O mercado español está beneficiando, en xeral, as persoas inmigrantes procedentes de países comunitarios fronte ás de terceiros países, agás nos grupos que traballan no mar, para o caso galego masculino, ou para as empregadas do fogar no feminino. É dicir, aqueles en que resulta máis difícil conseguir man de obra para cubrir estes postos.

A conclusión final é que o mercado está a xogar cunha enorme vantaxe para os empresarios coas regras do xogo que funcionan arestora. Está a se producir unha globalización da man de obra, tanto no que ten a ver coa deslocalización empresarial como coa atracción de traballadores inmigrantes, que o que fai é precarizar máis as condicións de traballo en xeral, algo que notan máis os traballadores locais en canto condicións (aínda que conserven os seus empregos mellor do que os inmigrantes).

Esta tendencia será dificilmente corrixida mentres non se producir esa globalización en ámbitos que foren para alén do produtivo. Certamente, os salarios están axustados aos mercados locais e non tería o menor sentido multiplicalos por vinte nos países de orixe. En primeiro lugar, porque un empresario non é unha ONG, e non é a súa misión facer un mundo máis xusto. En segundo lugar, porque deixaría de ser economicamente rendible e, xa que logo, trátase unha quimera. E en terceiro lugar porque non se axustaría ás regras vixentes no tocante aos salarios. Ora ben, iso non implica que non se poidan aplicar as mesmas regras de que se serve o empresariado para ampliar as súas marxes, actuando desde outros ámbitos como o fiscal. Ou ben nos ámbitos da formación ou a xustiza, que suporían nivelar as regras do xogo global e impedir que se acabe beneficiando un grupo minoritario en detrimento da maioría das persoas en todos os países.

5. Anexos

Anexo 1

AFILIACIÓN MEDIAS EN ALTA DE ESTRANXEIROS.
TOTAL POR RÉXIMES, XÉNERO E PROVINCIAS (I)

Países UE	Régimes						
	Xeral	Autónomos	Agrario	Mar	Carbón	Fogar	Total
Abril de 2009							
Total UE	433 752,90	118 925,60	88 527,70	1124,80	690,50	22 154,05	665 175,55
Total non UE	835 646,65	88 764,15	141 221,30	4021,60	29,95	152 532,50	1 222 216,15
Total países	1 269 399,55	207 689,75	229 749,00	5146,40	720,45	174 686,55	1 887 391,70
Maio de 2009							
Total UE	442 736,35	118 001,15	94 512,60	1178,80	691,35	22 167,40	679 287,65
Total non UE	843 282,15	89 072,35	148 722,00	4120,30	29,00	152 709,25	1 237 935,05
Total países	1 286 018,50	207 073,50	243 234,60	5299,10	720,35	174 876,65	1 917 222,70
Xuño de 2009							
Total UE	449 426,45	117 127,68	93 084,18	1168,36	690,27	22 157,40	683 654,36
Total non UE	853 498,00	89 563,31	146 274,13	4144,72	29,04	152 773,31	1 246 282,54
Total países	1 302 924,45	206 691,00	239 358,31	5313,09	719,31	174 930,72	1 929 936,90

Fonte: elaboración propia a partir das altas na Seguridade Social (<http://www.seguridadsocial.es>)

Anexo 2

AFILIACIÓN MEDIAS EN ALTA DE ESTRANXEIROS. TOTAL POR RÉXIMES, XÉNERO E PROVINCIAS (II)

Abril														
Direccións provinciais	Régimes													
	Xeral		Autónomos		Agrario		Mar		Carbón		Fogar		Total sistema	
	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M
GALICIA	18 237,75	9553,40	3030,00	1768,45	1157,40	185,15	1690,40	33,85	0,00	0,00	253,70	4353,70	24 369,25	15 894,55
TOTAL	757 063,75	512 330,40	142 477,35	65 212,40	152 696,70	77 050,30	4808,10	338,30	705,45	15,00	17 468,10	157 195,50	1 075 219,45	812 141,90
Afiliación medias en alta estranxeiros da Unión Europea por régimes, xénero e provincias														
Direccións provinciais	Régimes													
	Xeral		Autónomos		Agrario		Mar		Carbón		Fogar		Total sistema	
	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M
GALICIA	9819,95	3181,45	1692,65	654,20	585,10	112,20	263,40	9,75	0,00	0,00	13,20	309,20	12 374,30	4266,80
TOTAL	256 012,85	177 740,05	85 860,50	33 065,10	46 285,20	42 240,50	934,85	189,95	676,50	14,00	1152,60	20 999,45	390 922,50	274 249,05
Afiliación medias en alta estranxeiros de fóra da Unión Europea por régimes, xénero e provincias														
Direccións provinciais	Régimes													
	Xeral		Autónomos		Agrario		Mar		Carbón		Fogar		Total sistema	
	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M
GALICIA	8417,80	6371,95	1337,35	1114,25	572,30	72,95	1427,00	24,10	0,00	0,00	240,50	4044,50	11 994,95	11 627,75
TOTAL	501 050,90	334 590,35	56 616,85	32 147,30	106 411,50	34 809,80	3873,25	148,35	28,95	1,00	16 315,50	136 196,05	684 296,95	537 892,85

Fonte: elaboración propia a partir das altas na Seguridade Social (<http://www.seguridadsocial.es>)

Anexo 3

ENQUISTA DE POBOACIÓN ACTIVA. COMUNIDADES AUTÓNOMAS

TAXAS DE EMPREGO POR NACIONALIDADE, SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA

Unidade: porcentaxe

	Total		Espanola		Estranxeira: total		Estranxeira: Unión Europea		Estranxeira: de fóra da Unión Europea	
	2009 TII	2005 TII	2009 TII	2005 TII	2009 TII	2005 TII	2009 TII	2005 TII	2009 TII	2005 TIII
	Ambos os sexos									
Total nacional	49,29	52	48,37	50,58	55,81	67,63	57,17	55,39	55,22	70,06
Galicia	48,08	47,08	47,59	47,05	60,19	48,42	62,1	52,59	59,56	47,58
	Homes									
Total nacional	56,75	63,7	56,41	62,51	59,09	76,68	61,93	59,51	57,88	80
Galicia	54,6	57,53	53,98	57,47	69,13	60,17	67,25	64,17	69,87	59,58
	Mulleres									
Total nacional	42,11	40,81	40,7	39,21	52,42	58,74	52,38	51,49	52,44	60,21
Galicia	42,13	37,55	41,75	37,5	51,56	39,34	55,74	46,77	50,39	37,51

Notas

1. As persoas con dupla nacionalidade (española e outra) inclúense coas de nacionalidade española.
2. Desde o primeiro trimestre de 2007 inclúense os 27 países da UE (UE 27), agás España. Por tanto, a Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Luxemburgo, os Países Baixos, Portugal, o Reino Unido e Suecia acrécentánselles os dez países (Chipre, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, a República Checa e Eslovaquia) que entraron a formar parte da UE desde o 1 de maio de 2004, así como tamén Bulgaria e Romanía, incorporados o 1 de xaneiro de 2007. Até o cuarto trimestre de 2006 os resultados da UE corresponden á UE 25.

Fonte: elaboración propia a partir da Enquisa de poboación activa (EPA) do Instituto Nacional de Estatística (<http://www.ine.es>)

Anexo 4

ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA. COMUNIDADES AUTÓNOMAS

TAXAS DE PARO POR NACIONALIDADE, SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA

Unidade: porcentaxe

	Total		Espanñola		Estranxeira: total		Estranxeira: Unión Europea		Estranxeira: de fóra da Unión Europea	
	2009 TII	2005 TII	2009 TII	2005 TII	2009 TII	2005 TII	2009 TII	2005 TII	2009 TII	2005 TIII
	Ambos os sexos									
Total nacional	17,92	9,33	16	9,05	28	11,61	23,81	9,16	29,73	11,98
Galicia	12,93	11,11	12,52	10,77	20,19	22,22	7,4	18,4	23,84	23,02
	Homes									
Total nacional	17,62	7,29	15,1	6,96	30,84	10,12	25	9,04	33,21	10,28
Galicia	12,27	7,91	12,22	7,83	13,24	10,97	8,54	—	14,89	12,5
	Mulleres									
Total nacional	18,31	12,22	17,15	12,05	24,37	13,44	22,34	9,29	25,24	14,12
Galicia	13,7	15,23	12,87	14,59	27,68	32,33	5,64	27,6	32,59	33,66

Notas

1. As persoas con dupla nacionalidade (española e outra) inclúense coas de nacionalidade española.
2. Desde o primeiro trimestre de 2007 inclúense os 27 países da UE (UE 27), agás España. Por tanto, a Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Luxemburgo, os Países Baixos, Portugal, o Reino Unido e Suecia acrecéntanselles os dez países (Chipre, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, a República Checa e Eslovaquia) que entraron a formar parte da UE desde o 1 de maio de 2004, así como tamén Bulgaria e Romanía, incorporados o 1 de xaneiro de 2007. Até o cuarto trimestre de 2006 os resultados da UE corresponden á UE 25.

Fonte: elaboración propia a partir da Enquisa de poboación activa (EPA) do Instituto Nacional de Estatística (<http://www.ine.es>)